

Acordo do Consello de Goberno, do 26 de maio de 2026, polo que se aproba a modificación da Normativa que regula a adaptación, o recoñecemento e a transferencia de créditos nas titulacións oficiais de grao e mestrado universitario na UDC, aprobada por acordo do Consello de Goberno, do 22 de xullo de 2025

A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización informa que, a raíz das diversas solicitudes que poñen de manifesto que a aplicación das regras de recoñecemento de créditos recollidas no Capítulo VI do Título III da Normativa que regula a adaptación, o recoñecemento e a transferencia de créditos nas titulacións oficiais de grao e mestrado universitario na UDC pode causar danos de difícil reparación ao estudiantado que está pendente de defensa do TFG durante o curso 2025/2026 ou na convocatoria adiantada do curso 2026/2027.

Despois de analizados os casos e as posibles solucións a Vicerreitoría, co visto e prace da Secretaría Xeral, propón unha modificación da Normativa co fin resolver os problemas detectados e deixar aberta a posibilidade de resolución cos mesmos criterios de proporcionalidade e protección da confianza lexítima dos que poidan plantexarse no futuro como consecuencia da aplicación da normativa,

Por todo o exposto, o Consello de Goberno na súa sesión de 26 de maio de 2026, acorda:

- 1) Engadir unha disposición transitoria na Normativa que regula a adaptación, o recoñecemento e a transferencia de créditos nas titulacións oficiais de grao e mestrado universitario na UDC, aprobada por acordo do Consello de Goberno, do 22 de xullo de 2025, co seguinte texto:

Disposición transitoria. Recoñecemento académico de créditos pola participación en actividades universitarias realizadas ao amparo da normativa anterior

O/a estudante que realizou as actividades universitarias recollidas no Anexo I antes da entrada en vigor desta normativa poderá facer valer o número de créditos recoñecidos conforme á normativa anterior cando resulte imprescindible para que o/a estudante poda defender o TFG durante o curso 2025/2026 e ata a convocatoria adiantada do curso 2026/2027.

Calquera outra situación derivada da aplicación da nova normativa que poida producir danos de difícil reparación ao estudiantado será resolta pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización conforme aos principios da boa fe e protección da confianza lexítima, previa presentación pola persoa interesada dunha solicitude debidamente motivada.

- 2) Encargar á persoa titular da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización a elaboración dun texto consolidado da dita normativa e ordenar a súa publicación no TEO, que terá efectos retroactivos a partir do día seguinte á súa publicación.

O reitor